



INFORMACIÓN SOBRE A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

A Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte de Lemos comezou a funcionar no ano 1.987 dependendo orgánicamente do Concello de Monforte e funcionalmente da Consellería de Sanidade.

Dende o principio da súa andaina atendeu tanto a dependencia de drogas ilegais, coma alcoholismo, tabaquismo e ludopatías. Ampliando, co paso do tempo, a súa actividade ós ámbitos da prevención e a inserción social.

Dende que se estableceu o rexistro estatístico dos Centros, observouse que a Unidade foi incrementando o nº de pacientes atendidos progresivamente, tanto na área sanitaria de Monforte como a do Barco de Valdeorras, onde se rexistra a poboación máis envellecida de Galicia.

Ao mesmo tempo obsérvase un cambio no perfil do usuario e nos hábitos de consumo relacionados cos novos usos de substancias, o que viría dado entre outros motivos, polos diferentes cambios sociais acontecidos neste tempo.

Conscientes de todos estes cambios e na búsqueda de vías que nos permitan ofrecer unha mellor calidade de atención ós cidadáns, nos parece oportuno expoñer brevemente o traballo que desenvolvemos na actualidade

Que é iso da Unidad Asistencial de Drogodependencias de Monforte de Lemos (UAD)?

É un Centro público, con carácter ambulatorio do Concello de Monforte dependente da Concellería de Sanidade, xestionada por Antonino Luaces, que ten como obxectivo a atención as persoas con trastornos adictivos e as súas familias e a outras adiccións sen sustancias. Tamén asesorar a tódolos cidadáns que teñan calquera dúbida.

Que actuacións desenvolve a UAD da cidade de Monforte?

Desenvolve intervencións en prevención, tratamento e inserción social. Traballando en coordinación con outros Centros Sanitarios, de Servizos Sociais e Xurídicos.



Que profesionais traballan na UAD?

Os profesionais que traballan na UAD son; médica-psiquiatra, psicóloga clínica, traballadora social, enfermeira especialista en saúde mental, educadora social, monitora de tempo de lecer e administrativo.

Que clase de adiccións se tratan na UAD?

Toda clase de adicións a sustancias (heroína, cocaína, alcohol, cánnabis, drogas de deseño, tabaco, etc.) e outras sen sustancias como as ludopatías.

Como se accede á UAD? Que teño que facer?

De forma directa, podes ir persoalmente ou chamar para solicitar unha cita. Tamén podes acceder derivado polo teu especialista de Atención Primaria de Saúde, Servizos Sociais ou dende outras institucións ou entidades.

Quen me atende ao chegar á UAD?

Toda persoa que chega ós nosos servizos será atendida por un profesional que fará a recepción do caso.

Na UAD os drogodependentes están ingresados?

Non. A UAD é un centro de carácter ambulatorio. É dicir, que os pacientes teñen as súas citas individuais, grupais, obradoiros, etc. pero non están ingresados.

Hai que pagar algo por ser tratado nunha UAD? on. A UAD é un centro público do Concello de Monforte e por iso é totalmente gratuíto.

Se me vou a unha comunidade terapéutica ou a algún outro sitio debo pagar algo?

Non, sempre a e cando vaias á Comunidade Terapéutica ou á Unidade de Desintoxicación Hospitalaria adscritas á túa UAD. Neste caso a Consellería de Sanidade da Xunta corre cos gastos da estancia e tratamento que necesites.

Que horario de traballo ten?



De 8 a 15 horas, de luns a venres todo o ano.

e 10 a 13,30 h e de 15,30 a 19,00h ,de luns a venres, o obradoiro de tempo de lecer.

Teño oído que na UAD me poden quitar as multas por consumir droga na rúa. É iso certo?. Que teño que facer?

Se fuches multado por consumo na vía pública debes achegarte á túa UAD, alí recibirás a información sobre o que debes facer neste caso.

Vanme dar pastillas para pasar o "mono"?

Cada caso é tratado de forma individual. Se o teu require de calquera tipo de medicación tanto para a síndrome de abstinencia coma para apoio ao tratamento daráseseche.

Tardan moito en atenderme?

Serás atendido dende o mesmo momento que o solicites.

O que eu diga na UAD non o vai saber ninguén, non?

As actuacións de tódolos membros que compoñen o equipo técnico da UAD están amparadas baixo o segredo profesional e os teus datos ademais estarán protexidos por Lei.



Se teño causas xudiciais pendentes por temas relacionados coas drogas pódennme axudar?

Existe un servizo de balde de atención xurídico-social en materia de drogodependencias na cidade de Lugo que traballa en coordinación permanente coa UAD.

Pódese tratar a un menor de idade?

Por suposto que si. A UAD atende a aqueles menores que presenten un problema de uso ou abuso de drogas. Existe tamén unha educadora social que traballa dende a prevención.

Que podo facer eu se teño un familiar con problemas de drogas e que non quere axuda?

Acudir a UAD da túa zona. Alí recibirás o apoio, a orientación profesional e as directrices máis axeitadas ao teu caso para poder, deste xeito, acceder a ese familiar que nestes momentos é remiso a recibir axuda.

Como podo saber se necesito ou non axuda?

Se te acabas de facer esta pregunta é que necesitas preguntarllo a un profesional que poida contestarche e orientarte axeitadamente. Acude sen temor ningún á túa UAD.



Que se fai en prevención?

Moitas cousas. Trabállase en ámbitos escolares, comunitarios, de ocio, de tempo de lecer, deporte, etc., ademais das campañas que en materia de prevención se realizan anualmente. (Suxíroche que consultes nesta páxina web nas Áreas Municipais a sección de Sanidade onde existe maior información ao respecto).

Que outros recursos hai?

Un tratamento de adicións require da existencia de diversos recursos que han de ser utilizados segundo as necesidades de cada caso en particular tales como: unidades de desintoxicación hospitalaria, comunidades terapéuticas, obradoiros, unidade de patoloxía dual, etc.

Que se fai en reinserción?

Dar resposta ás necesidades que toda persoa require para recuperarse e conectar axeitadamente de novo coa sociedade existen polo tanto diferentes alternativas e diferentes recursos de reinserción.

Se queredes porvos en contacto con nos, estamos en:

UNIDAD ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

C/Otero Pedrayo s/n - Monforte de Lemos (Lugo)

Tlf. 982 400495 - Fax - 982 405172

uadmonforte@yahoo.es

Horario: De 8 horas a 15 horas

